

***L'Africaine* de Meyerbeer, a ópera en tres dimensións**

Cristina Echave Durán

Dentro da variada colección de fotografía estereoscópica que posúe o Museo de Pontevedra destacan, pola súa orixinalidade e beleza, os doce pares de procedencia francesa (*French tissues*) da ópera *L'Africaine* que pertenceron ao médico José Casal y Lois (1845-1912), destacado personaxe do ámbito cultural pontevedrés decimonónico, vinculado á Sociedade Arqueolóxica e, por extensión, ao Museo de Pontevedra, que custodia o seu arquivo persoal¹.



Estoxo cos pares de fotografía estereoscópica de L'Africaine

Estas fotografías, reunidas nun vistoso estoxo de cartón, foron editadas en París por Adolphe Block, un fotógrafo e editor de vistas estereoscópicas que adoitaba asinar coas letras BK, co obxecto de publicitar a nova ópera do compositor prusiano Giacomo Meyerbeer (1791-1864), escrita polo dramaturgo francés Eugène Scribe (1791-1861) e estreada con moito éxito na gran sala da Ópera de París na rúa Le Peletier, o 28 de abril de 1865, algún tempo despois do falecemento de ambos os autores².

¹ Logo da súa morte, ocorrida en 1912, o seu arquivo persoal foi depositado na Sociedade Económica de Amigos do País e, tras a disolución desta, trasladouse á denominada Escola de Traballo, ata que en 1940 o seu sobriño Lino Sanz Casal a depositou no Museo de Pontevedra, cuxa doazón definitiva foi en 1961.

² A versión definitiva da obra foi preparada polo musicólogo belga François-Joseph Fétis, que, ademais, a rebautizou co título de *L'Africaine*.

A obra narra as aventuras do intrépido navegante portugués Vasco de Gama, que, na súa viaxe pola costa de Madagascar en busca de novas terras e riquezas, captura unha princesa africana de gran beleza e sabedoría chamada Sélika, da que namora perdidamente.

Os *tissues* estereoscópicos do século xix con temática operística son froito da paixón da época por este tipo de espectáculos, e contribuíron enormemente á súa promoción.



Par estereoscópico núm. 1 de L'Africaine, con luz reflectida (arriba) e con luz transmitida (abaixo).

Cada par estereoscópico de *L'Africaine* está formado por un soporte composto por dúas finas láminas de cartón de cor amarela; estas presentan dúas grandes xanelas acuñaadas na parte central que nos permiten ver as delicadas fotografías á albumina que nos amosan diversas escenas pertencentes aos cinco actos da ópera. Levan adheridas ao dorso uns finos *tissues* pintados con acuarelas ou anilinas de xeito que, se son observadas con luz transmitida, as imaxes se ven en cor, o que causa un resultado

plástico sorprendente, mentres que, vistas con luz reflectida, as escenas se ven en branco e negro e apenas nos chaman a atención.

Para incrementar a espectacularidade das imaxes e facelas máis atractivas para o espectador, os *tissues* presentan microperforacións en determinados detalles das escenas, coma, por exemplo, nas lámpadas, nas xanelas ou nas xoias e noutros complementos das vestimentas dos protagonistas, o que crea espectaculares efectos de luz (chamas, luces nas lámpadas, brillo nos espellos e nas xoias etc.), que contribúen a transmitir a emoción e grandiosidade da ópera representada.



Par estereoscópico núm. 5 de L'Africaine

As imaxes amósannos os protagonistas coas súas elegantes roupas, nos opulentos escenarios que se adoitaban utilizar neste tipo de producións e representando escenas de marcada acción dramática.

A experiencia é aínda maior ao observarmos estas fotografías a través do visor estereoscópico, un aparello que permite ver as imaxes en tres dimensións e que fai que estas parezan cobrar vida, de xeito que o espectador pode mergullarse na narrativa visual da ópera.

Ademais de *L'Africaine*, outras coñecidas óperas de Meyerbeer foron divulgadas en estereoscópicas, entre elas *Robert le Diable*, coa que alcanzou a súa fama internacional, e *Le Prophète*, ambientada nas guerras relixiosas da Alemaña do século xvi.

O visionado deste tipo de fotografías converteuse nun dos entretementos máis populares entre a alta burguesía decimonónica, sobre todo a partir da aparición do visor estereoscópico de man inventado polo estadounidense Oliver Wendell Holmes. Este aparello compoñíase de dúas lentes prismáticas cunha especie de capuchón que se axustaba ao rostro, seguido dunha barra pola que deslizaba, para axustar a lonxitude focal, a peza na que se colocaba a fotografía. Para maior comodidade o aparello estaba provisto dun mango retráctil que permitía suxeitalo cunha soa man. Era un sinxelo dispositivo de fácil manexo que contribuíu considerablemente ao desenvolvemento do próspero negocio da fotografía estereoscópica, cuxa comercialización tivo a súa época dourada na década de 1860.



Visor estereoscópico de man. H. C. White Co, 1900.